

Texto: **POEMA POPULAR COLOMBIANO**

Ilustrador: **ROGER OLMOS**

Música: **ANDRÉS VALERO CASTELLS**

Narración: **SERXIO PAZOS**

**CORO DE NENOS CANTORES**

da **ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

Colección SONDECONTO. Encadernado en cartón.

40 páxinas a toda cor. 18x19 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Concerto para animais". ISBN 978-84-8464-528-3

-Castelán: "Concierto para animales". ISBN 978-84-8464-540-5

Prezo: 20 €

## CONCERTO PARA ANIMAIS

**Veña o tigre, veña o león,  
veña oso formigueiro.  
Veña o leopardo lixeiro,  
cun movemento xeitoso...**



A literatura popular colombiana proporcionáanos o fantástico poema a partir do cal a Orquesta Sinfónica de Galicia interpretou unha composición creada expresamente polo músico Andrés Valero. Esta quinta entrega da COLECCIÓN SONDECONTO, de KALANDRAKA, resulta tamén moi atractiva polo peculiar estilo co que Roger Olmos realizou unhas ilustracións cheas de colorido. Así, fúndense a composición estética, poética e musical, formando unha obra ideal para os pequenos lectores.

En Colombia -e en América Latina en xeral- son abundantes as mostras da tradición popular, en forma de rimas e rondas infantís; non cabe descartar a posibilidade de que algúns deses exemplos sexan vestixios de antigos romances españois, pasados polo filtro da mestizaxe. A copla, da que existen numerosas variedades, é unha das principais formas da expresión poética popular.

Os poemas típicos desta cultura ancestral reciben nomes tan sorprendentes como bambas, cantas, corridos, galerones ou ensaladas, aos que se engaden métricas non menos exóticas: hai-kai, rubai.... Para a sociedade hispana estes poemas populares expresan variadas formas de sentir; pasan anonimamente de boca en boca, de xeración en xeración, de comarca en comarca; e esa transmisión oral breve, concisa, poética, que se cultiva nun clima especial de creatividade, emana dun sentimento que invita a reflexionar sobre a vida.

O actor Sergio Pazos recita esta composición poética cun ton solemne e acompasado. Á súa voz súmase o Coro de Nenos Cantores da Orquesta Sinfónica de Galicia, aportando un toque de dulzura e diversión. Por outra banda, o director de orquesta David Ethéve interpreta á perfección a partitura vibrante creada por

Andrés Valero, onde un sinfín de instrumentos conxúganse á perfección e dan lugar a ritmos que evocan a marcha marcial, o bolero ou as cancións infantís.

O compositor plasmou na partitura unha "música lixeira" que lle dá liberdade ao público para participar no concerto, tarareando a melodía ou acompañando aos músicos coas palmas. Nunha análise máis profunda, Valero aportou referencias a obras de autores clásicos nas que os protagonistas tamén son animais, como "Papillons", de Schuman ou "Pedro e o lobo", de Prokofiev.

O ilustrador Roger Olmos provoca unha auténtica explosión cromática coa súa interpretación plástica das obras poética e musical: os seus animais proceden dun mundo imaxinario onde as perspectivas e os tamaños vense con outros ollos. O oso, o leopardo, a bolboreta ou o escaraballo convértese en músicos dunha orquesta moi especial na que o pequeno lector é o dono da batuta.

### **ANDRÉS VALERO (Silla-Valencia, 1973)**

Formouse nos Conservatorios Superiores de Valencia e Murcia, titulándose en oito especialidades, con catro Mencións de Honra e Premio Extraordinario Fin de Carreira de Composición. As súas obras estreáronse e interpretáronse en festivais e certames en España e noutros países de Europa, América e Asia. Algunhas das súas composicións grabáronse en formato CD. Pertenceu á directiva da Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos; tamén é socio da World Association for Symphonic Bands and Ensemble. Foi director de bandas sinfónicas e actuou como trompeta solista de formacións musicais coma a Orquesta Internacional do Festival "Music Meeting" e maila Orquesta Sinfónica das Comunidades

Autónomas de Murcia e Valencia. Tamén actuou como concertista de piano no Palau da Música de Valencia. Actualmente é director titular do Ensemble Estudi Obert e da Banda Sinfónica do CIM de Mislata (dende 2004). Desde 2004 tamén traballa como catedrático de composición no Conservatorio Superior "Joaquín Rodrigo" de Valencia.



[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

Actor polifacético, comezou nos anos 80 coas compañías teatrais Caritel e Centro Dramático Galego. Traballou en numerosas producións propias da Televisión de Galicia e en cadeas privadas do eido estatal. Nunha delas destacou a súa participación como reporteiro do programa "Caiga quien caiga". Dende 1990 tamén traballa en películas como "Airbag" (1997) ou "O lápis do carpinteiro" (2002).

### **ROGER OLMOS (Barcelona, 1975)**

Graduado na Academia de Artes Aplicadas de Llotja/Avinyó. Comezou realizando traballos científicos para libros de texto e revistas especializadas. Actualmente adícase á ilustración infantil. En 1999 foi seleccionado para o catálogo Bologna Children Illustration. O seu primeiro libro ilustrado foi "Tío Lobo" (2000), editado por KALANDRAKA, obra que conseguiu a distinción White Ravens 2002 da Feira de Bolonia, outorgado pola Internationale Jugend Bibliothek. Seguiulle "O cadro máis bonito do mundo" (2001). Foi galardoado co Premio Lazarillo 2008.

- **Temática:** libro-cd sobre poema colombiano
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** recomendado para iniciar aos nenos na música clásica, nos elementos dos que consta unha orquestra, nos instrumentos musicais; identificar animais, o seu aspecto, os sons que fan e o seu habitat